

Revista Escolar

ESPERPENTO



Nº 34 XUÑO 2014



CEP CAMPOLONGO (PONTEVEDRA)





SUMARIO

| | |
|--------------------------------------|----------|
| Editorial..... | 1 |
| Galileo e Foucault..... | 2 |
| O segredo da miña irmá..... | 3 |
| O outono..... | 4 |
| O magosto..... | 5 |
| San Martiño..... | 6 |
| Alejandro Rodríguez Sesmero..... | 7 |
| Historia do libro..... | 8-9 |
| V Congreso UNESCO..... | 10-11 |
| Aves en perigo de extinción..... | 12-15 |
| A Paz..... | 16-17 |
| Ágora de Paz..... | 18 |
| A gran viaxe..... | 19 |
| O Entroido..... | 20-21 |
| Historia do loro Ravachol..... | 22 |
| Miña camelia | 23 |
| Mateo e o segredo das camelias..... | 24-25 |
| Vaia circo | 26 |
| ARRGG | 27 |
| Día mundial da auga..... | 28-29 |
| Salón do libro..... | 30-32 |
| Os peixes máxicos..... | 33 |
| Os xirafólogos..... | 34-35 |
| Día mundial sobre o autismo..... | 36 |
| Agricultura familiar..... | 37 |
| Árbores de Campolongo..... | 38 |
| Árbores con historia que contar..... | 39 |
| Caixiñas vexetais..... | 40 |
| A pelexa da ensalada..... | 41 |
| Greguerías froitos naturais..... | 42 |
| A ensalada completa..... | 43 |
| Os queixos galegos..... | 44-45 |
| O segredo das abellas..... | 46-47 |
| Poema a unha torta..... | 48 |
| O atún perdido..... | 49 |
| As plantas aromáticas..... | 50-51 |
| A horta galega..... | 52 |
| Muíños..... | 53 |
| Maio 2014..... | 54-55 |
| Maio de Mateo..... | 56 |
| Excursión a Porto..... | 57 |
| David Cal..... | 58-60 |
| O carro..... | 61 |
| Xosé María Díaz Castro..... | 62-63 |
| Visita ao museo de Pontevedra..... | 64-65 |
| O carro..... | 66 |
| Premio Leixaprén..... | 67 |
| Pasatempos..... | 68-69-70 |
| A nosa biblioteca..... | 71 |
| Memoria das actividades da ANPA..... | 72 |



GALILEO E O TEMPO

Galileo foi o primeiro que se deu conta de que o tempo que tarda un péndulo en ir e volver (seu período) mantense constante aínda que as oscilacións se fagan cada vez máis pequenas depende da lonxitude da corda.




Galileo comparou o péndulo cun peso que se desliza por unha superficie circular.

FOUCAULT E A ROTACIÓN DA TERRA

A mediados do século XVII, 150 anos despois de que o péndulo de Galileo abrise a porta á noción moderna do tempo, León Foucault utilizou outro péndulo para demostrar experimentalmente a rotación da Terra.

O experimento de Foucault consiste nun gran peso que colga dunha corda de varios metros de lonxitude, o que lle permite manterse en movemento durante horas.



Para facer máis evidente o funcionamento do péndulo de Foucault soe dispoñerse ao seu redor unha serie de pivotes abatibles, de modo que o

péndulo os vaia derribando a medida que o seu plano de oscilación xira con respecto á Terra.

Cristina Vilas Vázquez e Marta Torres Suárez 6º C

O SEGREDO DA MIÑA IRMÁ



Fai moito tempo, unha avoa chamada Maruxa contoulle aos seus netos, Pedro e María, unha historia de cando era cativa. Este feito sucede na casa da avoa.

Un bo dia, á casa de Maruxa chegaron os seus netos, Pedro e María. Pola noite, cando os nenos íanse deitar, a avoa contoulle unha historia de cando era cativa que comezaba así:

Cando eu era nena pelexábame todos os días coa miña irmá Catuxa, nunha destas, a miña irmá fixo un feitizo e pensei que era unha meiga, pero non estaba convencida, tiven que buscar pistas.

Entrei na súa habitación ... e o primeiro que vin foi unha vasoira antiga de madeira e unha bóla de cristal moi brillante.

Estaba claro, Catuxa era una meiga! Pero de súpeto aparece una porta ...

-Maruxa! Que fas no meu cuarto! - dixo Catuxa.

-É que ...

- Non mentas, di a verdade!

-Vale ... sen mentiras, penso que es unha meiga.

-Unha meiga, eu?

-Si, é que o es!

-Xa, piriqui!, vaite do meu cuarto! Voume cambiar.

Maruxa saíu do cuarto de Catuxa pero quedouse fóra, diante da porta, axexando. Viu que abría o armario e sacaba un gorro de bruxa e un traxe longo de cor negro.

Despois sacou unha pota chea de patas de rá e cuspe de insectos. Removeu e removeu e removeu...

Maruxa cun esbirro esvarou e abriuse a porta; Catuxa decatouse e gritou:

**-COLAS DE LAGARTO, TRIPAS DE PINGÜÍN A VER CANDO NARICES
DESAPARECES TI!**



Maruxa desapareceu e despois dun par de días, Catuxa decatouse de que a botaba moito de menos, que a quería. Entón fixo un feitizo para que volvera. Decía así:

**-RAIAS DE TIGRE, COLAS DE LEÓN, QUE APAREZA A
MIÑA IRMÁ NESTA HABITACIÓN!**

Maruxa apareceu na habitación e, sen pensalo, déronse unha aperta e foron felices para sempre.



ADRIANA -ÁLVARO-INÉS-MARCELO-RAQUEL 5ª



OUTONO




- Onde vas castañeira con esta nevada?
- Vou vender castañas, quentes e azoadas.




- Onde vas castañeira con este frío?
- Vou vender castañas preto do río.



- Onde vas castañeira con esta chuva?
- Vou vender castañas á luz da lixa.




- Onde vas castañeira con este vento?
- Vou vender castañas neste día noxento.



- Onde vas castañeira con tanta ilusión?
- Vou vender castaña contando unha canción



- Onde vas castañeira con tanta sono?
- Vou vender castañas neste día de outono.



Colectivo 4º B

O MAGOSTO



O magosto celebrámolo o día 15 de novembro con castañas, cantigas e xogos populares.

Comezamos a festa co noso compañeiro Esteban tocando a gaita xunto a outros instrumentos musicais, despois escoitamos as cantigas entoadas polo alumnado de sexto, acompañados polos



de quinto á frauta e algúns instrumentos máis. Logo viñeron os xogos que organizaron os de sexto que fixeron de monitores ensinando como se xogaba aos demais cursos. O ano que vén tocaranos a nós.

Xogamos a xogos populares como ao tres en raia, bolos, corda, carreiras de sacos e moitos xogos máis.

Ao terminar cos xogos populares comezamos a papar as castañas feitas polos profesores; estaban moi ricas, soubéronos de marabilla. Algunhas saíron un pouco queimadas e outras tiñan o becho.

Cando rematamos de merendar, recollemos todo e acabámola festiña cun baile. Subimos á clase a coller as mochilas e marchamos para as nosas casas.

Foi unha maña estupenda !!!

Belén Paz González e Carolina Munaiz Canosa 5º C



POLO SAN MARTIÑO TROMPOS AO CAMIÑO

CARLOS SOLÍS



Campión do mundo no 2012



Este ano tivemos dúas novidades respecto ó trompo, pois por un lado visitounos un dos campións do mundo na modalidade de trompo acrobático, o mexicano Carlos Solís, e logo tamén foi novidade a participación por 1º vez no "Día do Peón" que organiza todos os anos a Asociación de Xogo Brinquedia . Dos 6.300 alumnos, 375 foron da nosa escola .

Na imaxe da esquerda, Fabiola, de 3ºA, tróuxonos un trompo tan pequeno que non era doado de bailalo, pero finalmente si o fixemos.

E. FÍSICA

ARQUITECTO ALEJANDRO RODRÍGUEZ-SESmero GONZÁLEZ



No 2013 celebrouse o centenario do finamento de **Alejandro Rodríguez-Sesmero González**, o arquitecto que modernizou Pontevedra a finais do século XIX, durante os primeiros anos da Restauración. Foi o brazo executor dunha sociedade e clase política da época que sacrificou os restos das murallas medievais en aras de proxectar unha cidade cosmopolita, con arquitectura ecléctica e afrancesada do mesmo xeito que as grandes urbes europeas onde se sentaban as bases para que a capital non fóra nunca máis cuestionada. A este arquitecto, débémolle, de 1880, a **antiga Avenida de Santa María**, o **Palacete de Mendoza** (na foto de arriba), a actual **Casa Consistorial**, a o **deseño da Alameda e As Palmeiras**, o **Cemiterio Municipal de San Mauro**, conxuntamente co seu pai o edificio da **Deputación Provincial**, a **Praza de Abastos**, a reforma da capela da Virxe do Camiño, a actual **Subdelegación de Defensa**, a **traída das fontes de ferro da cidade**

EDNL



HISTORIA DO LIBRO



Plinio, escritor romano, cóntanos unha historia que comezou hai moito tempo: a historia do libro. Hoxe, os libros serven para divertirse, xogar, estudar... Pero hai moitos anos non había libros.

Os homes tiveron a necesidade de descubrir a linguaxe e a escritura. Foi un traballo duro que durou dous millóns de anos. Os nosos antepasados gravaban en pedra e óso: liñas, marcas, raias e sinxelos debuxos. Os homes cavernícolas, realizaban pinturas rupestres.

En Mesopotamia os homes convertéronse en pastores e agricultores e como necesitaban contar as ovellas, a cebada e máis cousas inventaron un sinxelo sistema para contar. O novo sistema de marcas e debuxos evolucionou co tempo ata chegar a formar un sistema de escritura cuneiforme, xa que os seus signos teñen forma de cuña. Nos templos gardábanse taboíñas de barro, nos primeiros arquivos bibliotecas.

Pasado algún tempo os exipcios crearon uns signos chamados xeroglíficos; un complicado sistema de escritura que os sabios modernos tardaron en descifrar. Os fenicios eran grandes comerciantes. Crearon o primeiro alfabeto do mundo.

Os gregos, unha das civilizacións máis importantes da humanidade, crean un alfabeto baseándose no dos fenicios. Escribiron libros de filosofía, botánica, zooloxía, xeometría, agricultura, etc. Fundaron varias bibliotecas. A de Alexandría, unha das máis importantes da antigüidade.

O exército romano conquistou un grande imperio. Dos gregos colleron as súas letras e adaptáronas ao latín. Escribían en papiros e pergameos, eran os libros da época. Nas terras dos romanos había bibliotecas.



fabricación do papel.

Os homes escribiron en pedra, ósos, barro, papiro, madeira, pel, bambú, seda, e mesmo na cuncha das tartarugas. Tamén no papel, que vos chineses fabricaban dende había tempo e non se coñecía en ningún outro lugar agás en China.

Os chineses ensinaron aos árabes o segredo da fabricación do papel. En pouco tempo o imperio árabe posuíu as bibliotecas máis importantes do mundo. Utilizaron o papel para escribir o seu libro máis importante, o CORÁN, libro sagrado dos musulmáns.

En plena Idade Media pouca xente aínda sabía ler e escribir. Os pórticos das igrexas cheos de esculturas, servían para ensinar a Historia Sagrada a nenos e maiores. Só nos mosteiros os monxes se ocupaban de restaurar os antigos






libros copiándoos e ilustrándoos. Escribían a man sobre pergameo. libros escritos polos monxes chámasselles CÓDICES, que son libros moi valiosos. Gardábanse na biblioteca do mosteiro.

Pero os libros eran aínda escasos e caros. Os copistas dedicábanse a copiar os libros e empezaron a utilizar o papel xa que era moito máis barato que o pergameo.

Máis tarde, Gutenberg inventou a imprenta, que permitirá facer moitas copias do mesmo libro. Esta estendeuse rapidamente e por iso os libros foron máis baratos. O primeiro libro que saíu da imprenta foi a BIBLIA. A estes primeiros libros chamábenselles INCUNABLES.



Cristovo Colón descubriu América en 1492, onde vivían os incas e aztecas que tiñan un sistema de escritura a base de debuxos. Escribiron libros de historia, astronomía e medicina. No mesmo ano se publicou a primeira gramática do castelán, Antonio Nebrija, o seu autor, dedicoulla á raíña Isabel polo seu interese pola cultura.

En Francia publícase a primeira Enciclopedia.

O Orbis Pictus foi o primeiro libro ilustrado para nenos.

A Revolución Francesa comezou en 1879. A partir de agora creáranse as primeiras escolas públicas.

A aparición dos primeiros xornais eran principalmente para informar os adultos. Os

nenos poderán comprar aleluias, unhas follas soltas que contaban historias e breves texto ao pé.

Perrault escribiu o primeiro libro de contos: Carrapuchiña, Polgarcíño e moitos máis.



En Dinamarca Andersen publicou O Patiño Feo que poderán ler nenos de moitos países. En Alemaña os irmáns Grimm escribiron contos de ogros, fadas, encantos, bruxas...

No século XX ás bibliotecas acoden toda clase de xente. Agora os libros son en cor e os de nenos teñen debuxos.

Actualmente a electrónica invade o mundo, hai aparatos de todas clases, os libros pódense facer por ordenador nas imprentas. Nas bibliotecas tamén hai vídeos, fitas de casete, discos e outros materiais.

Existen libros de aventuras, de misterio, de fantasía, de humor, de medo... tamén existen libros luminosos ou con son.

Nuria Sueiro Martínez e Cristina Vilas Vázquez 6º C

O V Congreso Galego da Rede PEA UNESCO



Todos os da nosa escola cos compañeiros-as que acolleron de Pontearreas e das Neves, para pasar xuntos os tres días que durou o congreso

MONICREQUE EQUILIBRISTA



PRECISAMOS: un bote de plástico cilíndrico con tapadeira, un anaco de arame, algunhas porcas, alicates e un monicreque de papel.

PROCEDEMENTO: En primeiro lugar facemos un par de buracos no centro da base e da tapadeira do bote de plástico. Logo metemos un arame recto que está curvado polo punto medio e que leva suspendida unha carga (por exemplo unhas porcas). Finalmente colocamos a tapadeira do bote, dobramos os dous anacos de arame de maneira que queden en posición vertical e, para rematar, pegamos o monicreque de papel nos extremos do arame. Se se fai rodar o bote, o monicreque oscila pero recupera a posición vertical.

EXPLICACIÓN: O peso colocado en pártia curva do arame fai que, ao mover a figura, recupera a posición vertical para manter o centro de gravidade o máis baixo posible. Para que o noso equilibrista funcione é necesario que o peso do arame e do sexa moito monicreque menor que o peso que colocamos en pártia curva do arame.

MÁIS INFORMACIÓN

<http://unescolongo.blogspot.com.es/2013/10/20-monicreque-equilibrista.html>



Teste de Miopia

Pessoas con visión normal, irán ver Einstein na imaxe ao lado?

Pessoas miopes irán ver Marilyn Monroe.

Você consegue ver Einstein na imagem ao lado? Então se afaste três metros dela que você verá Marilyn Monroe.

Durante dous días estiveron facendo, entre outras cousas, os diferentes **experimentos** que aportaron as escolas. Un dos que aportamos nós foi este do monicreque equilibrista. **A outra imaxe é unha anamorfose.**

Se queres ver todos podes facelo en:

<http://unescolongo.blogspot.com.es/search/label/Experimentos>



XIMCANA DO CONGRESO ZONA VELLA PONTEVEDRA

Actividade

Nº

Preto do 1º Edificio Público que fixo arquitecto A. R. Sesmero



Este escudo está na casa máis antiga da cidade (século XV). O debuxo é unha "garza", e é atribuído na heráldica a familia **García Camba**, de Rivadavia. Relación que tiña esta comarca coa nosa **pola importancia do comercio do viño** nos séculos pasado transporte dende os nosos portos. O escudo que ten ó lado é dos da liñaxe dos Puga, Regodeigón, tamén de Rivadavia.

A denominación do nome casa veu por que esta **tiña un carillón** para chamar os fregueses da igrexa que estaba ó lado, San Bartolomé o Vello, que máis tarde sería trasladada. Se non sabes o nome e atopas o escudo pregunta a alguén que por alí pase como se chama a casa.

1. Sabes xa en que rúa se atopa a casa?
2. Que importante edificio se atopa alí ó lado?
3. Que hai 0,50 m deste escudo?
4. Cal é o nome popular desta casa?

Actividade

Nº

Casa das Caras



1. En que Praza/s se atopan estas imaxes?
2. Que relación teñen a Casa das Caras e esta curiosa balconada?

Sabías que nesta casa tivo o seu estudo o 1º gran fotógrafo que tivo a vila de Pontevedra?

3. Ordena as letras para facer o seu nome
G-A-L-A-Z-A

Outro dos nome da casa é Pazo dos Barbeito, onde paraban os 1º carruaxes (taxis) da cidade.

4. Busca algunha marca das ferraduras onde se ataban os cabalos. Atopáchela?.....



Fichas da Ximcana e Foto Matón con **Nelson Mandela**, unha das figuras traballadas este ano por moitas escolas en todo mundo, como símbolo da búsqueda da dignidade e a paz en todos os pobos do mundo.

Se queres **ver todas as fichas** da Ximcana, podes facelo en:

<http://unescolongo.blogspot.com.es/2013/11/ximcana-patrimonio-do-centro-historico.html>



AVES EN PERIGO DE EXTINCIÓN EN GALICIA

ABETOURO

Botaurus stellaris
Avetoro común

- Constrúe o seu niño dentro das augas nas que vive.
- Pon canas, xuncos e carrizos e logo cóbreo con flores e herbas secas.
- Pon de 4 a 6 ovos castaños - verdosos que choca só a femia durante 26 ou 27 días.
- O macho non se ocupa de chocar nin de alimentar aos pitiños.
- Os pitiños non poden voar ata os 2 meses. É neste momento cando a familia se separa.



ALCARAVÁN ou PERNILEIRO

Burhinus oedicnemus
Alcaraván común

- Constrúe o niño nun burato non chan entre pedras.
- Pon de 3 a 4 ovos de cor crema con pintas castañas que choca a femia durante 10 días.
- Os polos deixan o niño nada máis nacer.
- Seguen aos seus pais e son alimentados por estes ata que poden valerse por se mesmos.



3° C

AVES EN PERIGO DE EXTINCIÓN EN GALICIA



AVEFRÍA

Vanellus vanellus
Teros o Avefrías


- O macho vai escavando buratos no chan e é a femia a que escolle un para o niño.
- É ela a que lle pon herbas secas e paus pequenos durante toda a incubación, de forma que cando comeza a incubar ten un niño sinxelo pero cando remata a incubación ten un niño enorme.
- Pon 4 ovos verde crema moi apencados que chocan a nai mais o pai durante 25 ou 30 días.
- Os pitiños deixan o niño axiña e poden voar ás 5 semanas.



BECACINA COMÚN

Gallinago gallinago
Agachadiza común

- Fai o niño no chan preto de lugares húmidos. Buscan un lugar moi escondido entre herbas altas e fórrano con herbas e xuncos.
- Pon de 3 a 4 ovos verde amarelento con manchas escuras que choca só a femia durante 20 días.
- Cando nacen teñen o peteiro curto.
- Os pitiños son alimentados pola nai e mais o pais.
- Deixan o niño as poucas horas de nacer.
- Comezan a voar aos vinte días.



3º C



AVES EN PERIGO DE EXTINCIÓN EN GALICIA

CERCETA REAL

Anas crecca
Cerceta común

- Fan o niño no chan, entre moita vexetación ou arbustos moi escondidos, pero sempre preto da auga.
- A femia fai un burato que cobre con penuxes que arranca do seu corpo.
- Pon de 8 a 12 ovos de cor crema ou gris con tinguiduras verdesas que choca só a nai entre 21 a 23 días.
- O macho marcha durante a incubación e non volve ata que nace o primeiro pitiño.
- Os pitos deixan o niño ao pouco de nacer para seguir a súa nai.



ESCRIBENTA DAS CANAVEIRAS

Emberiza schoeniclus
Escribano palustre

- A femia constrúe o niño en lugares onde abunden as canas e as plantas de carrizos.
- Fai unha bolsiña de follas secas forrada por dentro con finas herbas e follas de carrizos.
- Pon de 4 a 5 ovos que teñen liñas na cáscara que choca só a femia durante 12 días.
- Os dous pais alimentan aos pitiños que saen moi pronto do niño.
- As dúas semanas xa están voando.



3º C




AVES EN PERIGO DE EXTINCIÓN EN GALICIA

MILLAFRE REAL ou MIÑATO REAL

Milvus milvus
Milano real

- Fan o niño a base de follas en árbores altas e de tronco grosso.
- Utilizan o mesmo niño todos os anos, polo que só ten que reparar un pouco o niño.
- Pon de 2 a 3 ovos de cor branco con manchas vermellas que chocan a nai con axuda do pai durante 30 ou 35 días. O pai substitúe a nai cando esta está alimentándose.
- Os polos abandonan o niño aos 2 meses de nacer.



SISÓN

Tetrax tetrax
Sisón común

- Fai o niño nun burato no chan que constrúe só a femia.
- Pon de 3 a 4 ovos pardos verdosos, que choca só a nai entre 20 a 22 días.
- Cando nacen os poliños son alimentados, tamén, só pola nai.
- Deixan pronto o niño e despois de varias semanas comezan a voar vixiados pola nai.



3º C



○ DÍA DA PAZ

O Día Escolar da Paz e a Non Violencia celébrase todos os anos o 30 de xaneiro. É unha xornada educativa non goberamental fundada en España en 1964 polo poeta e pacifista mallorquín Llorenç Vidal Vidal e que se practica no aniversario da morte de Mahatma Ghandi.

Xa dende hai moitos anos no colexio Campolongo celébrase o Día da Paz. Isto foi o que fixemos este ano:

As tres primeiras horas do día tivemos clase normal, pero ás 11:30 h todos os alumnos e os profesores reunímonos no patio do colexio. Primeiro dous alumnos de 6º faláronnos sobre o Día da Paz. A continuación cantamos a canción "Alegría"; logo recitamos unhas frases de Yogote (de Nelson Mandela) e, por último, todos os alumnos fixemos un baile que ensaiáramos coa profesora de música. Unha das miñas amigas, que subiu ao escenario, díxome que foi moi bonito ver bailar a todos os alumnos á vez. Penso que aos profesores gustoulles moito a sorpresa do baile.



Foi un día moi divertido.

Texto: Sofía Rey Díaz 5º A

Debuxo: Inés Redondo Cervantes 5º A



A PAZ

A Paz é amor,
é difícil de conseguir
pero con bondade
pódese vivir feliz.



A branca pomba
quérenos ensinar
que un mundo sen guerras
podemos alcanzar.

Tráenos a alegría
Paz e amor
e quere que todos,
vivamos mellor.



Carolina Munaiz Canosa 5º C

Belén Paz González e Diego Touriño Martínez 5º C



ÁGORA DA PAZ



Nelson Mandela

"Se un fala na linguaxe que outro comprende, a información entra na cabeza; mais se un fala na súa lingua, abarcaremos o campo do corazón"

Nelson Mandela

Sabela A.F.

Xeneral Rubín, 3 – 36001 - Pontevedra
T. 986 85 52 88 – F: 986 85 05 58
<http://ghafos.blogspot.com>
<http://unescolongo.blogspot.com>
ghafoscampolongo@gmail.com

Este ano 2014, no Día da Paz, co motivo do 60º aniversario da Rede Pea Unesco, as Escolas Galegas organizaron, coa axuda da facultade de Ciencias da Educación, unha "webvinar" (vídeo conferencia entre varias escolas), onde cada escola presentaba ós demais o que fixeron entorno ó Día da Paz, e remataban recitando unha cita de Nelson Mandela coa axuda do Yogote. Ó acto chamóuselle "Agora de Paz". Nós falamos en especial do acto que fixemos arredor da canción "Alegría". Se queres saber máis <http://unescolongo.blogspot.com.es/2014/02/agora-de-paz-escolas-associadas-unesco.html>

EDNL




A GRAN VIAXE

Uns nenos que viven en Madrid, chamados: Xoán e Pedro querían ver o seu futuro e inventaron unha máquina para sabelo. Pedro e Xoán, foron ao vertedoiro de Madrid para ver o que podían coller para facer a máquina.

Colleron un gran sofá, varios anacos de metal, parafusos, un enchufe e unha máquina con moitos botóns.

Foron á casa de Xoán e colleron un tubo, que faría de propulsor, unha caixa de ferramentas e un motor vello do seu pai.



Uns meses despois pensaron que xa era o momento de destapar a máquina e... Ir ver o seu futuro!

Programaron a máquina ao SÉCULO XXI, ano 2028, día 14 de febreiro, hora 14:35 h. A conectaron, pulsaron un botón e... Fass! Un destelo de luz os abraiou. De súpeto atopáronse nunha cidade moi sucia, contaminada, gobernada por un tirano; sorprendéronse e decidiron cambialo.

Día a día foron facendo boas accións, reciclando e facendo unha campaña cos seus veciños contra a contaminación.

Pasaron anos e anos e volveron ao futuro. Todo cambiara: os habitantes da cidade reciclaban, as fábricas non contaminaban, e o gobernante era outro, todos se axudaban entre si, todos eran felices eles tamén.

Andrés, Claudia, Daniel, Samuel e Sergio de 5ºA



O Entroido

Xa chegou o Entroido,
o Entroido xa está aquí.



No colexio hai festa,
a festa xa está aquí:
aparecen bolboretas
que bailan pero non voan.

Superheroes sen poderes
e moitas fadas boas.

Fermosas princesas,
sen azul nin príncipe.


Enfermeiras sen pacientes
e Chonis moi elegantes.

De supeto : un esqueleto!
Pero non mete medo
aínda que da moitos sustos.





Desembarcou un pirata
 que nos viña dar a lata.
 E chegou o "villano"
 coa súa espada láser.
 Sain o pallaso do circo
 facendo malabares máis de cinco.
 Cando a festa case rematou
 achegouse un marciano
 e na súa nave
 a festa levou.
 Xa marchou o Entroido,
 o Entroido xa voou.





1º A

| | | | |
|----------|----------|---------|----------|
| Victoria | UXÍA | Lola | Emma |
| NOA | Lucas | AUGUSTO | Verónica |
| Freddy | J.ÁNGEL | FIZ | ALBA |
| IAGO | Carolina | Juan | Álvaro |
| Laura | NATALIA | Joaquín | |
| Nuria | | | |



HISTORIA DO LORO RAVACHOL



FIN

Marina Santos
3º C



MIÑA CAMELIA

Miña camelia é fermosa
 miña camelia bonita
 miña camelia graciosa.



É vermella coma o sangue
 branca coma o algodón
 todos os días bañase na luz
 e mestúrase no ceo azul.



Miña camelia, miña camelia
 coa súa pel de seda
 tanto se chove ou neva
 ela sempre leda.



Miña camelia, miña camelia.



Raquel Magariños Fernández 5 °A

MATEO E O SEGREDO DAS CAMELIAS



Unha vez fai moito tempo existiu un colexio no medio dun parque. O parque tiña moitas árbores e flores fermosas. Tamén había uns bambáns nos que xogaban os nenos ao saír do colexio. Cerca había un arroyo rodeado de camelias.



Mateo era un neno de dez anos, o seu pelo era moreno e os seus ollos eran azuis. Ao saír do colexio, ía ao parque cos seus amigos. Xogaban a moitas cousas, pero o que máis lle gustaba era subirse ás árbores e tirarlle pedras ás camelias. O que eles non sabían, era que nas camelias vivían os trasnos verdes que protexían e coidaban ás camelias.

Unha tarde ao acabar o colexio, coma tódolos días saíran a xogar. Pasárono moi ben pero pronto tódolos amigos de Mateo tiveron que marcharse. Mateo quedou só, sentouse nun banco e escoitou unhas voces moi agudas. Achegouse á camelia da que saían as voces e descubriu uns seres estraños que parecían trasnos.





Estaban discutindo e berrando entre eles. Mateo quedou a escoitalos ata que un trasno o viu. Todos se asustaron e agocháronse nas camelias.

Ao día seguinte Mateo volveu ao parque, pero esta vez, non xogou, quedou sentado nun banco mirando as camelias. Como non escoitou nada, asomouse a unha camelia. Viu que todos estaban en silencio e que o trasno máis vello tiña un libro feito con follas que miraba con preocupación. Cando viron a Mateo escondéronse todos os trasnos menos o máis vello, que se puxo a falar con el. Explicoulle que coma eles, había moitos máis seres máxicos que protexían á natureza, e que os nenos podían axudalos.



Os trasnos nomeárono protector da camelia e regaláronlle unha chapa vermella con forma de camelia. Mateo contoulle aos seus amigos todo o que lle pasara. Desde entón, Mateo e os seus amigos coidan e protexen a natureza pero sobre todo as camelias, para que sigan crecendo e cultivando soños en todo o mundo.



Rosana Raposeiras Canabal
e Sara Sanromán Folgar 4º D



VAIA CIRCO

O día 17 de marzo de 2014 asistimos a unha obra de teatro chamada "Vaia Circo" en Novagalicia Banco e fomos despois do recreo.

Cando chegamos alí puxéronnos na última fila, o malo de estar neste lugar era que tiñamos os altosfalantes moi preto e o son estaba moi alto.

A historia trataba do inicio da humanidade, centrándose na relación existente desde sempre entre o ser humano e o mundo da percusión e a dramaturxia, creando para elo un espectáculo inesquecible nunha atmosfera máxica.



Nesta nova proposta didáctica os catro integrantes do grupo, fan fincapé nos tres elementos que sempre os caracterizaron como banda: o virtuosismo, o humor e a posta en escena; no que os elementos percusivos (tambor, bombo, xilófono, baquetas voadoras, triángulo, timbal etc.), van ser os materiais que usen para as súas acrobacias.

Tambores usados como aparellos de circo, instrumentos manufacturados e música en directo ían saíndo ao escenario coma se dun «circo desastre» se tratase.



Na obra hai moito ritmo e sons de percusión, nunha divertida escenificación onde a imaxinación, o enxeño e a curiosidade polas diferentes manifestacións artísticas son os puntos esenciais.

Ademais, ten moita relevancia pola música galega. Hai moitos ritmos como o latino, brasileiro e africano. É un grupo de percusión contemporánea que fusiona sons do jazz, o flamenco, o folk e mesmo sons traídos da música tradicional hindú e senegalesa.

Ao finalizar a representación volvemos á nosa escola, aínda cos sons dos tambores na nosa cabeza.

Belén e Carolina 5º C



ARRGG!

Desde a noite dos tempos os piratas atacan á xente que vai en barco; pero había un especial, moi especial, o Robot Jack Sparrow. Dominou océanos, mares, lagos

Atopou un tesouro que o fixo inmortal, ese feito converteuno nun robot.

Para atopar o tesouro tivo que ir ao Triángulo das Bermudas. Cruzouse con cousas inimaxinables: piratas pantasma, monstros, xigantes que destruíron o barco ... Naufragou e chegou ata unha illa na que había restos do seu barco. Colleu roupa e alimentos



e internouse na xungla da illa; alí habitaban uns monos que lanzaban cocos de metal; por sorte non lle deron.

Nunha cova abandonada, que lle serviu de refuxio, había serpes metálicas, escorpións e ata un xigante ao que venceu. Penetrou na cova e sorprendeuse ao ver moitos tesouros pero tamén ao seu inimigo, combateron e na pelexa quedou como vencedor Jack. Fíxose amigo dos monos que lle axudaron a reconstruír o barco para volver ao seu fogar. Os cartos que obtivo nesta aventura repartiunos entre os máis necesitados.

Alejandro, Carlos Montagut, Javier, Natalia e Sofía. 5ºA



DÍA MUNDIAL DA AUGA 22 DE MARZO DE 2014



Coñecemos á Terra co nome de "Planeta Azul", porque esta é a cor que nel predomina dende o espazo exterior. A meirande parte da auga que contén está nos seus océanos que tinguen da cor mariña a súa faciana. Só por iso merécese celebrar o Día Mundial da Auga. Con maior motivo en Galicia é importante porque estamos rodeados dela polas rías, o mar, os ríos, as fervezas... Unha das máis fermosas é a da río Xallas, que vemos na foto.



«Que sabe o peixe da auga onde nada toda súa vida?»

Albert Einstein, científico (1879-1955)

A filosofía grega viu na auga a orixe de todas as cousas. Tales de Mileto, que era un dos chamados "Sete Sabios de Grecia", defendeu esta idea. Tamén dende a Antigüidade foi utilizada como una importante fonte de enerxía. Neste Día Mundial da Auga 2014 destácase especialmente que a enerxía hidráulica é natural e pouco contaminante. Move muíños dende a época dos romanos pra moer gran e, séculos máis tarde, cando se inventou a electricidade, foi utilizada nas centrais hidroeléctricas.



En Galicia hai 38 grandes centrais que poden chegar a xerar ata a cuarta parte da enerxía da nosa Comunidade Autónoma. A máis vella é de 1927, está en Noia e é obra do arquitecto Antonio

Palacios.

Posteriormente a ciencia moderna aprendeunos que nela está o principio da vida. E neste medio atópase hoxe una gran biodiversidade, dende formas microscópicas de vida coma o plancto, ata o maior animal que xamais existiu: a balea azul.

Pesa unas 180 toneladas, pero aínda hai outro máis longo ca ela: o verme



© UNICEF/RHM2008-1306/Janis Turner/Zimbabwe

"FAI QUE NON SE REPITA MÁIS ESTA ESCENA.

AFORRA AUGA E AXÚDAOS".

cordón de bota ou "Lineus longissimus", que se agocha entre os arrecifes e pode medir máis de 60 metros desenrolado.

Para o ser humano a auga é importantísima. Un 84% do noso cerebro, aproximadamente, é auga. É a mellor bebida pra calmar a sede. Sen ela non podemos vivir. Segundo Unicef, calcúlase que unos 1400 meniños morren ao día por escasez de auga en todo o mundo. Nos países pouco desenvolvidos do Terceiro Mundo teñen que ir buscala moi lonxe e moitas veces recóllese de charcas moi enlamadas. Temos que loitar contra isto. Non podemos contaminar nin consumir moita auga debido a estas situacións.

Víctor Vidal de Sáa (6º- C)

SALÓN DO LIBRO 2014



COCIÑANDO CONTOS

AS LENTEILLAS

Planta pequena
raíces moi finiñas
forma de lente.

LENTEILLAS



Follas compostas
provistas de foliolos
non tén peciolo.



Flores pequenas
con moitas variedades
froito legume.

Zonas húmidas
comida de inverno
están moi ricas.



Varias sementes
recollida en xuño
moitas receitas.



O CAFÉ

Planta tropical
altura duns dez metros
planta cafeto.

Cultivo manual
tén un talo principal
follas moi verdes.

Gran ovalado
bebida moi especial
como infusión.

Enerxético
mezclas suaves e fortes
antioxidante.

Beneficioso
Etiopía, Brasil
Costa de Marfil...

ALUMNADO 4º C

SALÓN DO LIBRO 2014



COCIÑANDO CONTOS

A PATACA

De América
comida moi famosa
son saborosas.



Planta pequena
non tén colesterol
son tubérculos.



Talo por baixo
distintas variedades
flores con cores.



É antiácido
ten vitaminas
cómese moito.

De varias cores
bótanselle ó caldo
moitas receitas.



A CASTAÑA

O castiñeiro
grande copa redonda
bosque de soutos.

Folla alongada
serve para infusións
o talo forte.

Froito castaña
típica de Galicia
festa magosto.


Tamaño de noz
forma de corazón
cáscara dura.

Moi nutritiva
algunhas son pilongas
ou confitadas.

ALUMNADO 4º C



SALON DO LIBRO



Cociñeiros extraordinarios foron os nenos e nenas do primeiro ciclo.

Grandes cociñeiros e escritores foron os nenos e nenas do segundo ciclo.



Investigadores da cociña do mundo foron os nenos e nenas do terceiro ciclo.



OS PEIXES MÁXICOS

Había unha vez uns nenos chamados Xoán e María e tiñan uns peixes, o pai chámase Jorge e a nai Bea.

Un día os nenos foron dar un paseo e esqueceronse de darlle de comer. Os peixes como eran máxicos escapáronse ao mar. Chegaron e encontraron aos seus amigos, déronlle a benvida.

Ola amigo.

Que che pasou?

Estás ben?


Si

Celebramos unha festa de benvida?

Siiiiiii!!!

E viviron felices e comeran perdices.


Sofía Montes de Oca
2º C





OS XIRAFÓLOGOS DE 1º D

Cando os nen@s de 1º fomos por primeira vez á Biblioteca descubrimos que a mascota Xafi era unha terra e simpática xirafa. Pero nós sabiamos moi pouco das xirafas! Como tiramos moita curiosidade, puxémonos a investigar e... velai van algunhas curiosidades que atopamos!



O GRAN DASAFOIO DE BEBER AUGA

Ten que estender as súas patas de lado a lado e, polo medio, estiran o pescozo cara abaixo. Ao mesmo tempo, ten que estar moi alerta aos perigos, por exemplo, aos ataques dos crocodilos. Grazas que pode pasar ata varias semanas sen beber!

A VELOCIDADE DAS XIRAFAS

Coas súas longas patas poden correr a unha increíble velocidade de máis de 55 km/hora.



A CURIOSA BOCA DAS XIRAFAS

Sabías que a súa lingua mide 50 cm?

É dicir, medio metro de lingua!

E ten unha curiosa cor, unha mestura de negro, verde escuro e azul.

Coa súa longa e musculosa lingua, poden limpar os oídos, o nariz e atrapan

todo tipo de cousas.

AS XIRAFAS E AS SÚAS HABILIDADES PARA O COMBATE

As patas das xirafas teñen unha forza descomunal.

En combates, as xirafas nunca escapan e unha patada destes animais pode decapitar a calquera depredador que se lle achegue.

Os investigadores de 1º D: Mateo, Gael, Alba, Ana, Ángel, Nico M., Sabela, Martín, Guille, Aitana, Jose, Alvaro, Usia, Nico Q., Carlota, Abdán, Benis, Marta, Inés, Jimena, Antía, Manuel, Irene.



DÍA MUNDIAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO



O 2 de abril celebramos o día do autismo, fixémoslo con globos azuis e charlas organizadas polo Departamento de Orientación do cole e coa colaboración de Modesto (profe de PT). Ese día tivemos a oportunidade de recordar que:

TÓDALAS PERSOAS TEMOS DEREITO A QUE SE RESPETEN AS NOSAS DIFERENZAS



Tivemos a oportunidade de coñecer máis polo miúdo, algúns dos apoios visuais que se utilizan no centro. Estes axudan a moitos dos nosos compañeiros -e a nos mesmos-, a comprender e aprender con maior facilidade. Hai moitos tipos: os guións sociais, a sinalización de espazos e rutinas de aseo, ...



Lembramos que debemos xogar e conversar con TODOS, porque a "DIVERSIDADE MOLA". Familiarizámonos con sistemas de comunicación distintos da linguaxe oral, coma a comunicación bimodal, os signos e os pictogramas.



Escoitamos cancións e olleamos contos adaptados con pictos, vimos debuxos sobre nenos con autismo e sobre mundos imaxinarios...

Outros rapaces temos a oportunidade de ver - a cotiá- como se emprega o Método Teachh na aula, por exemplo co traballo por bandexas e coa distribución por rincóns.



APRENDEMOS A COOPERAR e COOPERAMOS PARA APRENDER.

Natalia Santos (PT)

Porque o noso cole é inclusivo!

Grazas a todos!

Autor pictogramas: Sergio Palao. Procedencia: <http://catedu.es/Licencia>: CC (BY-NC-CA)
 Autora dos materiais das imaxes: Natalia Santos



Ano Internacional da Agricultura Familiar



Ano Internacional da Agricultura Familiar 2014



REFLEXIÓN SOBRE A AGRICULTUR FAMILIAR:

- 1/3 de todos os alimentos cultivados son desperdiciados.
- 1/3 dos cereais cultivados destínanse en alimentar ó gando.
- O principal cereal plantado en EEUU é o millo, pero só o 1% é para comer, o resto é para combustible ou alimento para animais.
- Hai como media máis de 13 praguicidas xa nos nosos corpos.
- Segue aumentando o risco de cancro coa utilización de químicos no campo.
- Hoxe utilízanse ao ano 400 millóns de toneladas de produtos químicos no mundo (dúas veces máis que en 1985).
- Circulan ou circularon 100.000 substancias químicas diferentes, moitas tóxicas, algunhas canceríxenas. ...



BIBLIOENREDOS A DIVIÑAS SOBRE OS ALIMENTOS




Capullo sobre capullo, capullo do mesmo pano, senón cho digo eu, non o acertas neste ano.



Unha vellíña engorrumillada cun tranco no cu e sen unha puntada.

Alumnos e alumnas de 3º C




PLANTAS E ÁRBORES DE CAMPOLONGO



Aproveitando o bo tempo e a chegada da Primavera os de 1º Ciclo tivemos unha saída para coñecer as plantas e árbores que temos na escola e arredores. Aquí na imaxe temos un marmeleiro xaponés, unha primavera e os rapaces ulindo o azar de china ou tamén chamado pitosforo que temos no cole e que arrecende un montón cando ten a flor.

EDNL

ÁRBORES CON HISTORIAS QUE CONTAR



Estamos no outono
os paxaros marchan xa,
o día é máis curto
e o frío vai chegar.

Estamos no outono
as follas van ao chan
temos unha alfombra de cores
para xogar e pisar.




"A árbore é o símbolo do señorío espiritual de Galicia. A árbore é un engado dos ollos, pola súa fermosura; é unha delicia dos oídos, porque nela cantan os paxaros; é un arrolado do espírito porque nas súas pólas conta contos o vento. A árbore pídelles auga ó ceo para que a terra teña sangue, vida e bonitura".
Castelao



GAIXIÑAS VEXETAIS



Para gardar
o sabor do chocolate,
o corazón do tomate



Para gardar
as pingas de orzallo,
o corazón de allo.



Para gardar
as lágrimas dunha pena,
o corazón da berenxena



Para gardar
o murmullo do vento,
o corazón do pemento




Para gardar
as lembranzas dun día,
o corazón da xudía



Para gardar
a beleza do solpor,
o corazón dunha coliflor.



Para gardar
a tenrura dunha vaca,
o corazón dunha espiraca.



Colectivo 4º B



"A pelesca da ensalada"

Unha vez parara unha cousa terrible cos ingredientes da ensalada. Estaban en guerra!

O limón, a cebola, o tomate e a remolacha querían ser os mellores e os que mellor sabían. O limón dixo:

-Eu non o mellor, non o que lle da sabor á ensalada.

A cebola tamén dixo algo:

-Eu fago chorar de risa á xente.

O tomate tomou a súa palabra:

-Eu non o que lle da vida á ensalada porque non vermello.

A remolacha dixo:


-Eu non a verdura que máis lle gusta aos nenos porque non rara.

A leituqa, que andaba parecándose cerca dixo:

-Chicos, non vos pelescedes por ser os mellores, o importante é que xuntos formemos unha rica e sa ensalada!

Todos estaban de acordo co que dixeran a leituqa e así non volven ocorrer máis.

Pilar Andión Álvarez
Curso: 2º B





GREGERIAS FROITOS NATURAIS

A sandía é o sorriso das froitas.

O limón é o sol das mañás.

A pataca é o asento da toupa.



O coco é a bóla que nos fai pensar.


O brócoli é a perruca das verduras.

O plátano é o teléfono dos monos.

As lentellas son os filliños dos lentos.

A cebola é unha saia con capas choron.

O cacao é o chocolate das árbores.



O café é menciña para non durmir.

Os grans de millo son pebidas de ouro.

As castañas son bágoas marróns.

O pemento e o semáforo da horta

Os dátiles son as gominolas das palmeiras:

Os garavanzos son o salvavidas da potaxe



O mel é a salsa das abellas

Alumnos 4ºC



A ENSALADA COMPLETA

Había unha vez un señor chamado espárrago. Estaba na casa escribindo un conto. De súpeto, alguén petou na porta. Era a señora leituğa que parecía estar disgustada e espárrago preguntoulle :


-Que che pasa?

E ela respondeulle:

-É que vin unha ensalada e ninguén quixo xuntarse comigo para facela, nin o tomate, nin a cebola. E o espárrago díxolle:

-Convenceremos aos demais e eu axudareiche! e así foi como fixeron unha ensalada moi rica.

Rocío Fernández Luque 2ªA





Os queixos galegos

O queixo, produto moxe en día galegado maioritariamente de xeito industrial ou semindustrial que pouco ten que ver nas seus perfís sensoriais cos que se elaboraban de forma artesanal con leite cru, algún deles incluso en perigo de desaparición.

CARACTERÍSTICAS

As características do clima galego fan que o noso sexa un país propicio para a produción leiteira e polo tanto o aproveitamento para facer queixos é moi antigo.

Os queixos galegos son suaves, brandos e pouco curados, aínda que cada variedade ten a súa diferenciación.

A CLAVE ESTÁ NO LEITE

Os investigadores atribúen a diferenza de aromas e sabores entre ambos tipos de produción basicamente ao leite e aos seus tratamentos.

Por un lado, o leite actual é diferente na súa composición do que se empregaba tradicionalmente, procedente na súa maior parte de vacas de raza rubia galega.

- Agora gástanse de dous queixos moi importantes en Galicia.




TETILLA

O Tetilla é un queixo histórico, amplamente coñecido, orixinario suponse do centro de Galicia, sobre todo do sudeste da provincia da Coruña. Hoxe a súa elaboración (elaboración) esténdese a todo o territorio galego e é o que máis produción ten.

ARZÚA-ULLOA

Este queixo ten a denominación de aruze desde o ano 95 e comprende como o seu nome indica as comarcas de Arzúa e de Ulloa, ademais de outras concellos próximas. É dos máis consumidos xunto coa tetilla, coa que comparte un xeito de elaboración semellante. Por vilas de toda Galicia aínda se pode ver a súa venda pelas propias produtoras artesanais.



Clara Godoy Caramés 6º B



O SEGREDO DAS ABELLAS

A elaboración do mel é un segredo celosamente gardado polas abellas; tanto é así, que os seres humanos aínda non descubrimos como se fai e temos que recollelo nas colmenas.



Dende a antigüidade o mel esta considerado como un alimento moi beneficioso para a saúde. As súas propiedades medicinais e as súas calidades cosméticas eran xa coñecidas polos exipcios ós gregos, os romanos e os árabes. Os exipcios utilizábanos tamén para a momificación e nas pirámides atopáronse restos disecados de mel que o defunto levaba na súa derradeira viaxe.

O mel procede dunha materia azucrada que segregan as flores e que as abellas liban e recollen na súa bolsa. Deste xeito transportano ata a colmea, onde o depositan nas celas do panal que serven de almacén. O sabor e cor e a calidade do mel varían segundo a idade das abellas, o tipo de flores que libasen, o clima e época de floración das plantas, etc.



A apicultura é o arte de coidar as abellas para a obtención do mel, propoleos e xesea real. As abellas polinizan o 80 % das colleitas producindo un aumento nelas.

A evolución da apicultura:

A apicultura evolucionou bastante dende que o home a descubriu.

- 1. Nun principio o home sacaba a mel as abellas que habitaban nas árbores de corazónoco.*
- 2. O seguinte que se lles ocorreu foi sacar a madeira do centro da árbore facilitando o anidado das abellas. Posteriormente utilizaron a cortiza da corticeira polo seu grosor e protección; facendo un cilindrooco cunha tapa enriba e con dúas cruces*





de madeira no seu interior (Cunha enriba e outra abaixo a uns 10 cm. do borde) ; onde as abellas fabricaban a súa propia mel e se reproducían.

4. A continuación fabricáronse caixas rectangulares de madeira; nas cales mediante uns cadres de mesmo material e uns alambres fixaban ceras estampadas coas celiñas marcadas; para que poidan continuar co seu traballo aumentando a produción

Partes dunha colmea:

As colmeas artificiais son unhas caixas rectangulares de madeira que serven de soporte e albergue para os cadres ou panais. No seu interior na parte baixa leva unha madeira denominada fondo; que facilita a entrada e saída das abellas á plataforma de voo; á vez que protexe a parte de abaixo. Na parte superior colócase a entretapa; que serve para abrir a colmea. A entretapa consta dun cadre de madeira cunha chapa cun orificio no centro; que serve para facilitar a alimentación da colmea por invernos duros nos que non existe floración e as abellas non poden alimentarse. A esta caixa se lle pode aumentar o tamaño cunha alza.



Para extraer o mel moitas veces existía cría nos panais; polo cal non se podía extraer o mel sen matar a cría; ensuciando a mel. Para evitar isto o apicultor introduciu un filtro ou excluser de raiñas; de forma que as abellas obreiras puidesen pasar a elaborar o mel e a raiña non puidese acceder ao compartimento superior; deixando así unha mel totalmente limpa.



Adriana Ayude Silve e T



Tolma a unha torta

Ésta é a receita
da nosa torta primeiro
con ela imos intentar
un poema inventar

O primeiro, as mans lavaremos
e despois mandil poñeremos
cun garrinco de cocineira
moi limpiños estaremos

Os ingredientes moi bos serán,
e todos os dedos se duplicarán
leite, azucre e ovos oito
para facer un rico biscoito
o forno quentaremos
e o biscoito meteremos

quiris, nata e barquillinos
chocolate e lacasitos
amoredos e bombóns
para nenos moi lambóns.



e despois de adornar
esta torta imos papar



1º B




O ATÚN PERDIDO

Había unha vez un atún, un ollomol e un linguado que estaban nunha cocina.

De súpeto o atún perdeuse. Buscaron e buscaron, pero non o encontraron.

O ollomol e o linguado, empezaron a preocuparse. Despois oíron unha voz ao lonxe, era o atún. Así que, reuníronse os tres para ser cocinados.

Adrián Pena Torres 2º D





AS PLANTAS AROMÁTICAS

ABSINTIO-ASENTE-AJENJO

Descrición: O absintio, asente ou asenta (*Artemisa absinthium*) é unha planta composta, perenne de 1m de altura, moi amarga e algo aromática. Os talos empréganse en infusión para estimular o apetito, a secreción de zumes gástricos e biliares e para eliminar as lombrigas. Tradicionalmente engadíase ás verduras.



Curiosidade: é o compoñente principal dunha bebida alcohólica coñecida co mesmo nome ou absintio. Tamén se emprega na elaboración do vermú.

Poemiña, adiviña, dito, receita...

“ Brindes do bohemio”

Pero en todos os beizos había risas
inspiración nos cerebros
e nas mesas copas
cheas de ron, whisky e absintio.

CANTROXO-ARZAIA-ARZÁN-LAVANDA

Descrición: A *Lavandula stoechas* é unha planta aromática de 1m de altura como máximo. Son plantas que conteñen unhas glándulas ricas en aceites esenciais que lle dan o aroma característico. Florece en primavera e as súas flores son moradas; e propia dos países mediterráneos e crece en alturas inferiores a os mil metros. Úsase como planta aromática e como calmante nervioso.



3º B

Curiosidade: Asirios, gregos e romanos a usaban para perfumar as súas casas queimando as sementes.

Poemiña, adiviña, receita...

En Cangas para protexerse do meigallo, poñen nunha tella sementes de cantroxo, loureiro, romeu e tres dentes de allo. Despois quémase coas ventás pechadas.



AS PLANTAS AROMÁTICAS

ESTRALOQUE - DEDALEIRA

Descrición: Digitalis purpúrea.

Tarda en medrar uns dous anos. Recibe tamén os nomes de milicroque, abeluria, sanxoán e dixital.

En estado silvestre pódese atopar en terrapléns, lindeiros boscosos na sombra ou semisombra.

Os pétalos poden ser amarelos, rosas ou púrpuras.

Ten uso medicinal e ornamental.



Curiosidade: Úsase para a arritmia e outras doenzas cardíacas. Contén unha substancia alcaloide que fai que poida ser velenosa.

Poemiña, adiviña, dito, receita...

Eu ben vin estar a morte
no monte comendo abrulas
vai de aí, morte pelada;
desamparo de viúvas;

TOMIÑO- TOMENTELO - TOMILLO

Descrición: Pertence á familia thymus vulgaris.

O tomiño é unha planta medicinal que se aplica para tratar infeccións do sistema respiratorio. É expectorante e antiséptico, limpa os pulmóns cando se sofre tose. Posúe propiedades antioxidantes e retrasa o envellecemento.

Pódese usar como infusión, xarope, aceite de masaxe, como colutorio ou para facer gargarismos.



3° B

Curiosidade: Os médicos do antigo Exipto utilizábano para facer apócemas e perfumar unguentos que ían a usar nos embalsamamentos.

Se se inspira baixo a almofada impide os pesadelos.

Poemiña, adiviña, receita...

Polo ao forno con tomiño limoeiro e patacas.

Ingredientes: 1 polo, 2 follas de loureiro, unhas ramiñas de tomiño limoeiro, 600grs de patacas, un limón, dous dentes de allo, un vasiño de viño, sal, pementa e aceite. Despois de poñer os ingredientes nunha bandexa poñémolo no forno e xa está.



A HORTA GALEGA

O TIRABEQUE



• O tirabeque procede da conca do Mediterráneo e Asia.

• É confundido xeralmente co chícharo, e aínda que é da mesma familia, trátase doutra

especie. A diferenza do chícharo, no tirabeque cómese todo, o gran e a vaña.

• As súas follas son simples, dentadas e acorazonadas.

• Son verde claro, brillante e planos; a través da súa pel adivíñase ben os seus grans interiores. Consúmese fresco en primavera.

• A sementeira faise en varias épocas dependendo do clima. Realízase en liña poñendo 3 ou 4 sementes en cada oco, separados 30 cm. entre eles.

• A rega debe ser frecuente.

PROPIEDADES:

• Os tirabeques achéganos hidratos de carbono, proteínas, vitaminas A, C, B1, B2 e B3, fibra e minerais


CURIOSIDADES

-En América coñécese tamén co mesmo nome.



30 C

Debuxo: Samuel 3º C



RECEITA:
"Tirabeques con xamón e ovo"

-Lávanse os tirabeques e

póñense a cocer con sal.

-Noutra pota cocemos un par de ovos.

-Nunha tixola rustrimos unha cebola, un allo e o xamón; todo cortado en anaquiños.

-Cando todo estea rustrido, bótase tamén os tirabeques e os ovos, damos unhas voltas coa culler e ... A comer!

MUIÑOS DO RÍO "GHAFO" S



Muíño do Meco



Muíño do Coto



Outra das saídas que fixemos foi a de visitar algún dos muíños que temos preto da nosa escola. Indo deica o nacemento do río vimos o do "Meco" (o pouco que queda del), e tamén o do "Coto", que fai pouco se fixo visible pola cantidade de maleza que tiña. Faltounos ver outros que tamén están preto, como o de Nores, o de Peilán, e un pouco máis lonxe o de Cabanas e o do Toxal. **EDNL**

MAIO 2014



Vimos a cantar o Maio
á praza da boa vila
cada verso é un agasallo
cada copla unha benvida.

Neste intre xa resoan
as letriñas retranqueiras
son cantos de Campolongo
aledando á primavera.

Compuxemos estas coplas
os nenos con alegría
para logo entoalas
na fermosa Ferraría.

Celebramos esta festa
cantando na nosa lingua
queremos que o galego
siga rexo e sobreviva.

Erguemos a nosa fala
nos asubíos do vento
cunhas verbas que estalan
de orgullo e sentimento.

Levantouse ledo o Maio
para vir criticar
a fermosura que loce
deixa sorrisos no ar.

Vén cuberto de fiúncho
e de calas ataviado
canta beleza atesoura
este Maio engalanado.

Tamén leva margaridas
e pampullos enfiados
con elegantes camelias
engabuñadas de orballos.

De ovos e de laranxas
igualmente coroado
xa pode quedar contento
de como vai rematado.

Moito te gabamos Maio
todo enfeitado de cores
ulindo á primavera
e ao recendo das flores.

Outro ano neste entono
o Maio brada un desexo
que non devoren ao débil
con prácticas de saqueo.

A ensinanza é noticia
con moitísima razón
por mor da grande desfeita
que sofre a educación.

Tantos cambios e recortes
no sistema educativo
pra chegar os do informe
con outra vaca no millo.

Chove sempre sempre chove
por abaixo e por riba
tamén choveu na escola
choveu auga pinga a pinga.

Pasamos todo o inverno
co corredor anegado
non se dispuxo de cartos
para arranxar o tellado.

Andamos con moito tino
polo chan todo mollado
patinaxes e caídas
deron algún lesionado.

Con seiras e con caldeiros
recollemos as pingueiras
e para poder pasar
aproveitamos as beiras.

Están tapando os furados
con remendos na cuberta
cando volva a chover
entraremos en alerta.

No Concello non hai cartos
nin afán de recadar
por iso co Multamóvil
só van amedrentar.

Na cidade hai comentarios
polo tema xudicial
Lores garda a gabardina
e defende a capital.

Ata ben as competencias
e non cedas nos dereitos
que o Caballero por Vigo
é capaz de entrar en preitos.

Coa oposición non contes
Moreira segue ao ditado
o que mandan os de arriba
é un edil ben guiado.

Só lle preocupa o lixo
e os soldos que terán
con estas miras tan curtas
cantos votos xuntarán?

Non fai así a Biempica
ela ten criterio propio
e abandona o seu grupo
porque non recibe apoio.

Santiago ten unha meiga
Santiago vive enmeigado
co seu grupo de goberno
declarando de imputado.

Foi caerlle o maleficio
cos ediles populares
despois de tocar poder
xa se acusa a dous alcaldes.



Mentres o señor Feijóo
está sereno e tranquiño
ata que estoupe a verdade
e os senten no banquiño.

Daquela dirá que chove
como é o natural
o taparse uns a outros
xa se fai habitual.

Así lle vai a Galicia
condenada a esperar
que cumbran co prometido
cando fomos a votar.

Rajoy di que a crise
pronto vai a remontar
de tanto repetir o mesmo
a xente vai reventar.

O que fixo nestes anos
recortar e recortar
encher peito e prometernos
que todo vai mellorar.

Afirma que xa medramos
porque baixan os parados
de mentiras e recortes
diso xa imos sobrados.

El segue erre que erre
cun discurso moi seguro
mentres o país se afunde
agardando outro futuro.

As cousas van a mellor
co mandato popular
e polo mundo a noticia
é dos que están a roubar.

MAIO

2014



Malia os que desgobernan non se informan do que pasa hai xente con moita fame outra bótana da casa.

A política viaxa de costas aos cidadáns co suborno nos partidos con ladróns e folgazáns.

Presidentes, secretarios e outros mandos de a pé seica agochaban os cartos en contas da caixa B.

Políticos que esconden tras o seu rostro a verdade e aparecen corrompidos con falla de honestidade.

Populares e empresarios rosman o mesmo sermón facendo coro coa banca e Rouco na procesión.

Mentres os sociatas dormen buscando novo talante andan co rumbo perdido sen ninguén que os levante.

Privatiza e privatiza que o negocio da pra todos uns chupan do oficial outros reparten dos fondos.

Creban o sector público con métodos agresivos e convérteno en comercio con fins especulativos.

Contra este mangoneo hai anoxo e crispación nas cidades abrollaron mareas de indignación.

A xente berrou nas rúas en actos de dignidade é cousa dos cidadáns defender a liberdade.

Os ministros de Rajoy non lle fan caso ningún sempre lle preparan "cristos" co que inventa cada un.

Gallardón é co aborto e co ensino está Wert non falemos de Montoro que nos quere espremer.

E nisto que chega Wert con unha gran solución para que avance o país recorta na formación.

O desastre educativo do ministro cada-Wert semella un gran milagre no que teremos que crer.

O mandamais da xustiza protéxenos coa verdade cando recorta os dereitos e perdemos liberdade.

Primeiro foron as taxas despois tocoulle aos xulgados son favores para os ricos para os pobres os pecados.

Agora seica vai pór unha lei con penitencia para que moitas mulleres non decidan en conciencia.

Con Montoro e mais con Báñez España vai sobre rodas retraendo en marcha atrás e con implacables podas.

Aínda temos que lembrarnos da xefa da sanidade entre recorte e copago elimina a calidade.

Privatizaron as Caixas facéndoas estranxeiras e a moitos preferentistas baleiráronlle as carteiras.

O concepto de cultura éche o de Marca España, todos os días con fútbol, bailes, touros e unha caña.

O goberno xa enredou ca lingua dos cataláns, quérena como en Galicia, que a falen catro cans.

Outro ano a realeza aparece imputada con Cristina declarando que con ela non vai nada.

Toda a culpa é do Iñaki que non soubo o que facía e por iso a infanta dixo que o defendía.

Ela ignoraba todo cando a xente xa ouvía que o duque defraudaba ao bafo da monarquía.

Imos dar a despedida adiviñando outros tempos onde non haxa corruptos nin pobreza para os nenos.

Cun ronsel de agarimos cheos de ilusión nos petos dicímosvos ata o ano deixando adeuses nos beizos.






MAIO DE MATEO

En infantil foron tres anos
de xogos e alegría
e nós non pensamos
que aquilo acabaría.

En primaria trastadas facemos
mellor non contalas
que delas tamén aprendemos
e nunca máis as facemos.

Tanta experiencia cada día
Con nós sempre quedarán
Ata que ao final da estadia
Nos teñamos que marchar.



Mateo Padín Cores 2º C



EXCURSIÓN A PORTO DOS ALUMNOS DE 4^º-D



Os alumnos de 4^ºD fixemos unha saída a Porto (Portugal). A actividade principal que fixemos foi visitar á **Casa da Música de Porto**. Un dos mellores edificios durante que **mellor acústica teñen**. Xunto con esta actividade fixemos na escola Nosa Senhora de Lourdes, unhas danzas, a da Moto, e a Carrasquiña, con unha "turma" da escola. Xogamos con eles á mata e algúns fixeron un pequeno círculo de baloncesto. Outros xogaron a fútbol nos tempos de lecer que houbo despois do "almorzo portugués" (hora do xantar galego. Para rematar tocamos a canción do "Carro" de Fuxan os Ventos e de regreso merendamos nun parque dunha estación de servizo en Barcelos. En resumo, unha experiencia que nunca esqueceremos!!



DAVID CAL FIGUEROA

Hoxe, venres 16 de Maio, o famoso piragüista español David Cal e o seu adestrador (cando adestra no Club Naval de Pontevedra) Paco, fixeron un oco na súa axenda para poder vir ao noso colexio a darnos unha charla sobre o piragüismo e animar aos nenos e nenas de Pontevedra a practicar este deporte que, como repetiron varias veces na charla, é moi bonito.

David naceu en Cangas do Morrazo, (Pontevedra) o 10 de outubro de 1.982. Empezou este deporte con só oito anos e con nove xa competía nalgunhas carreiras nas que, como dixo, quedou en todas de cuarto.



Comezou o piragüismo un verán, non disposto a dedicarse profesionalmente a el. Nese verán divertíuse moito porque adestraba cos seus amigos e gozaba moito da praia, e máis tarde, verán tras verán, seguía co piragüismo. Na charla, contestou as preguntas que lle fixemos e confesou que lle dedicaba máis tempo ao deporte que ao estudo porque este non lle gustaba. David practica piragüismo en augas tranquilas pero tamén practicou outras modalidades como "kayak polo".



Compite a nivel nacional no Clube C.M. Ría de Aldán pasando polo Centro

Galego de Tecnificación deportiva dende os 14 anos.

Na charla ensináronnos o vídeo de David nos Xogos Olímpicos de Londres, nos que tiña como reto gañar polo menos unha medalla e... reto superado!!!



Na charla ensináronnos o vídeo de David nos Xogos Olímpicos de Londres, nos que tiña como reto gañar polo menos unha medalla e... reto superado!!!

Quedou de segundo usando a "técnica" de gastar as forzas no final da carreira deixando a todos atrás, e así o fixo, adiantando a todos menos a un.

Agora Cal está adestrando en Brasil onde di que o adestramento é máis fácil e cómodo grazas ao clima.

David comentounos que quere comezar os estudos para ter unha carreira universitaria.

Mencionou que vai deixar o piragüismo pronto pero, se as seguintes Olimpíadas fosen en España, esforzaríase por competir nelas.

Creo que David é un exemplo para todos nós xa que comezou o piragüismo como pasatempo e, grazas ao esforzo e ao empeño que puxo neste deporte ten o pracer de levar a casa medallas que mostran non só o ben que o fixo, senón que merece o posto de mellor piragüista español, e moi pronto, mellor do MUNDO!


| EVENTO | OURO | PRATA | BRONCE |
|--------------------|----------|----------|----------|
| Xogos Olímpicos | 1 | 4 | 0 |
| Campionato Mundial | 1 | 3 | 1 |
| Campionato Europeo | 0 | 1 | 4 |
| TOTAL | 2 | 8 | 5 |



Alejandra González Otero 6ºB



UN ESTRATOSFÉRICO OLÍMPICO CANOEIRO GALEGO VISITA A NOSA ESCOLA




O olímpico canoeiro cangués David Cal, achegouse a nosa escola co obxectivo de animar os rapaces a practicar este deporte que xa leva anos implantado en Pontevedra. A olimpiada de Brasil a esta a preparar cos seus contrincantes brasileiros porque o seu adestrador foi fichado por aquela selección. Caso este moi curioso, por non dicir único. Acadará a SEXTA MEDALLA para seguir sendo o olímpico español máis laureado de España? Na escola presentounos dous vídeos, un deles foi a final da última medalla de prata en Londres, logo o alumnado de 6º fíxolle un montón de preguntas, para rematar facendo unhas fotografías e asinando autógrafos.

E. F.



O CARRO EN PONTE NAS ONDAS




Partes do carro



Montaxe
Poesía
Consellos
Contos



Cancións / Debuxos / Manualidades



Non canta na Chá ninguén,
por iso, meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.
Non hai canto tan fermoso:
fino coma un asubío,
aunque é, as vegadas, saudoso
faise no ar rechouchío.
O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
Que fermosa e a súa feitura!
Que lixeireza a do eixo!
As cousas vanse aledando
por onde meu carro pasa.
Carrétame herba pro gando!

O noso "Conto Viaxeiro" ou "Trotacontos" este ano versou sobre os trebellos usados ata fai pouco no campo galego, relacionando este tema co **Ano Internacional da Agricultura Familiar**. A nosa escola escolleu o **Carro**, outros colleron a lagareta, o arado, a cabana ou piorno e o muíño. Aproveitouse o tema para facer un vídeo con todos os traballos feitos e presentalo a **XX Edición de "Ponte nas Ondas"**. Nel inclúese a **canción do Carro** de Fuxan os Ventos, que tedes aquí a esquerda, e que aprendeu toda escola neste curso na aula de música coa profe Misi. O vídeo pódese ver: <http://ghafos.blogspot.com.es/2014/05/o-carro-galego-para-ponte-nas-ondas.html>

EDNL

LETRAS GALEGAS 2014



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

BIOGRAFÍA. Xosé María Díaz Castro naceu nos Vilares de Parga-Guitiriz, no ano 1914. De orixe labrega, ingresou no Seminario de Mondoñedo aos dezasete anos, mais abandonou a formación eclesiástica en 1936 para se dedicar ao ensino privado en Vilagarcía de Arousa. Cursou a carreira de Filosofía e Letras na especialidade de linguas modernas e en 1948, unha vez licenciado, marchou a Madrid, onde residiu a maior parte da súa vida, traballando como tradutor (coñecía case todas as linguas europeas) en diferentes institucións oficiais e editoras. Tras unha

vida entregada á investigación, ao ensino e á tradución, o poeta lugués faleceu en Lugo no ano 1989.

OBRA POÉTICA. En 1961, quince anos despois de lle ser premiada a composición *Nascida dun sono* nun certame en Betanzos, viu a luz o seu único libro, *Nimbos*, que o converteu nunha das voces poéticas máis destacadas das letras galegas do século XX; porén, os seus primeiros poemas xa apareceran na "Escolma de poesía galega, IV. Os Contemporáneos", editada por Galaxia en 1955. A singularidade do seu posicionamento estético e ideolóxico e a forza expresiva dos seus versos concédennlle un lugar destacado no panorama da poesía de posguerra.

O universo lírico de Díaz Castro xira ao redor do ser humano, o amor, a vida, a morte e o tempo. Tamén encontran espazo na súa escrita a relixiosidade (enfocada desde o ascetismo e desde a necesidade de afondar na esencia das cousas) e a preocupación por Galiza. Nalgunhas ocasións, tamén recorre á paisaxe dunha maneira simbólica para introducir a súa visión sobre a realidade do país.

Díaz Castro revelouse como un grande mestre da técnica versificadora e dos recursos estilísticos. Un dos principais trazos característicos da súa obra, fortemente influída pola lectura dos clásicos antigos e modernos, é a cuidada selección do léxico (a pesar de tender para o emprego de ruralismos e dialectalismos) e o evidente interese pola lingua, que se manifesta nunha poesía elegante e sinxela.

Eva Mejuto Rodríguez 5º C



17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

BIOGRAFÍA

Naceu en Vibres de Parga - Guitiriz en 1914. Fillo de Pabregos, ingresou no seminario de Mondoñedo aos 17 anos. En 1936 abandonou o seminario e trasladouse a Uilagarcía de Arousa como profesor nun centro privado. No 1948 marchou a Madrid, licenciado en filosofía e letras, a traballar como tradutor. Finou en Lugo o 6 de outubro de 1990. Actualmente está soterrado en Guitiriz.



Xosé María Díaz
Castro. (1914-1990)

ESMERALDA

Herba pequerrechíña
que con medo sorrís
Ó sol que vai nacente
e morrendo sen tí,
¿ Por qué de ser pequena
te me avergonzas tí?
¡ O Universo sería
máis pequeno sen tí!

A NOITE É NECESARIA

Hai homes cheos de sombra,
homes a contraluz
que che fan ver a Deus
coma unha mar de luz.
A noite é necesaria
pra que ti podas ver
sobre o medo e o mal
as estrelas arder.

Ainhoa Ameal U. 6ºA



VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA

O pasado mércores, día 21 de maio, as titorías de quinto de primaria de Campolongo fomos ao museo de Pontevedra.

Despois de estudar a Prehistoria a visita ao museo foi mais interesante posto que vimos moitas das cousas que estudamos.



A visita comezou vendo o lugar en que traballaban os restauradores do museo. O seu traballo consiste en recuperar os obxectos e pezas que chegan ao museo para poder logo expoñelas. É un traballo moi dificultoso porque ás veces teñen que reconstruír peza a peza as figuras e obxectos. A visita o museo nos permitiu coñecer as distintas etapas da historia que estudamos.



A PREHISTORIA

O PALEOLÍTICO (primeira etapa da prehistoria).

O museo ten unha sala dedicada ao paleolítico, nela podemos ver armas e mostras de arte rupestre desa época.

O NEOLÍTICO (dende a aparición da agricultura e gandería ata a aparición da metalurxia).

De esta etapa o museo garda el único petróglifo do mundo con a representación dun can.




IDADE DOS METAIS (dende a aparición da metalurxia ata descubrimento da escritura). Nesta sala podemos ver o tesouro de Caldas que foi atopado por dous irmáns.



VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA

Tamén vimos armas, xoias e obxectos de traballo, e as primeiras moedas de la humanidade.



A IDADE ANTIGA

GALAICA-ROMANA (dende o século I a.c ata V d.c)

Esta foi a última sala do museo que visitamos. Nela vimos antigas lápidas de tumbas romanas.

As lápidas tiñan tres partes:

- 1.- O nome e apelidos do defunto.
- 2.- O retrato do defunto.
- 3.- Unha ponte e unha lúa. A ponte representaba un mito grego, o do barqueiro Caronte, que crían que levaba a os mortos alén.



Tamén vimos exemplos de frisos romanos e esculturas da época.

A visita o museo de Pontevedra foi moi divertida e aprendemos moito sobre a historia.

Feito por:

Esteban Pinilla Álvarez 5º C

Ángel Sánchez Lareo 5º C

César Pampín García 5º C

Colaboran: Belén Paz, Carolina Munaiz e Amanda Rey 5º C





O Carro no Conto Viaxeiro

O CARRO VICENTE

Había unha vez un carro que se chamaba Vicente, que vivía coa súa familia nunha pequena aldea.

Un día, cando Vicente ía coa súa irmá Sandra ao monte, tropezou cunha rocha e caeu lle unha roda do eixo.

Levárono ao hospital e veu un campesiño que só con ver así ao carro, arranzouno e exclamou:

- É o carro máis fermoso do mundo!

O carro, ao notar que era ese campesiño o que o axudara, díxolle:

- Como recompensa, queres que sexa o teu transporte?

E o campesiño, con bágoas nos ollos, respondeulle:

- Farías eso por min?

- Si.

E así os dous marcharon felices e este foi o comezo dunha gran amizade que durou moitos anos.

O CARRIÑO VOADOR

Un día, un rapaz que se chamaba Vicente e a súa irmá Sandra, ao ir ao monte, tropezou cunha rocha e caeu lle unha roda do eixo. O carro, ao notar que era ese campesiño o que o axudara, díxolle: Como recompensa, queres que sexa o teu transporte? E o campesiño, con bágoas nos ollos, respondeulle: Farías eso por min? Si. E así os dous marcharon felices e este foi o comezo dunha gran amizade que durou moitos anos.

NA EIRA





PREMIO LEIXAPRÉN 2014



Arriba o gañador do Premio Leixaprén do curso pasado (J. Gómez Noya) que se achegou á nosa escola neste curso a dar as grazas polo galardón outorgado. Debaxo os/as candidatos deste curso .




Fernando Vázquez,
adestrador.



Esther García Del Barrio.
Madrileña orgullosa de
coñecer o galego



Mª Xosé Silvar 'Ses'.
Música e cantautora



Mª Mera Constenla.
Actriz



Todos eles teñen detrás unha traxectoria que os distingue como mercedores do Premio Leixaprén, outorgado polos Equipos de Normalización e Dinamización Galegos, a aquelas persoas que a pesar dos tempos que corren manteñen firme o compromiso de que a Lingua Galega dure outras Milprimaveras máis.

Máis información en:

<http://ghafos.blogspot.com.es/search/label/Leixapr%C3%A9n>

EDNL

SOPA DE LETRAS DO MAGOSTO



| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | S | T | A | Ñ | A | S | X | B | Z | X | Q | B | E |
| M | S | B | R | T | L | S | A | O | A | A | I | I | R | J |
| E | A | P | F | P | N | U | T | G | E | O | J | D | A | I |
| S | A | O | N | O | P | I | C | O | B | R | M | L | S | A |
| P | C | U | P | M | A | G | O | S | T | O | A | L | E | U |
| A | L | A | C | A | M | A | M | O | A | C | G | I | I | B |
| R | B | E | S | O | H | C | U | T | R | A | C | C | R | P |
| R | D | L | O | I | A | B | M | R | I | A | P | S | O | Q |
| I | B | D | C | L | D | A | S | P | O | E | M | A | S | S |
| L | L | O | L | A | R | A | O | A | O | L | X | G | H | T |
| L | O | C | R | O | R | N | O | O | P | L | G | I | S | G |
| A | L | E | R | S | L | B | A | S | I | X | K | T | J | I |
| D | M | K | T | B | T | R | O | T | M | B | P | N | K | L |
| A | S | L | U | M | E | M | U | N | B | T | V | A | M | P |
| A | U | I | C | T | N | T | S | H | R | N | C | C | O | T |
| Ñ | L | T | D | G | O | E | R | T | A | D | O | C | O | S |

Busca as seguintes palabras:


| | | | | |
|----------|-----------|------------|----------|----------|
| Castañas | Cartuchos | Magosto | Braseiro | Lume |
| Carbón | Xogos | Parrillada | Poemas | Cantigas |



Alba Fernández Blanco 5ºA
Julia Trabazos Sieiro 5ºA
Mar Gómez Tomé 5ºA



ENCRUCILLADO FESTAS DO ANO



Horizontais:

1. Día dedicado (este ano) a Xosé Díaz Castro
2. Día mais longo do ano

Verticais:

- a. O tempo de tomar moitos doces
- b. Tempo das filloas
- c. Período dunha semana na que se celebra a Pascua
- d. Festa dos froitos de outono

Alba Fernández Blanco 5ºA

Julia Trabazos Sieiro 5ºA

Mar Gómez Tomé 5ºA



SUDOKUS

Nivel 1

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 6 | | | 1 | | 5 | | |
| 1 | | 5 | | | 2 | | 3 | |
| | 3 | | 7 | | | 4 | | 8 |
| | | 4 | | 3 | | | 9 | |
| 8 | | | 6 | | 7 | | | 2 |
| | 5 | | | 2 | | 1 | | |
| 6 | | 7 | | | 1 | | 4 | |
| | 4 | | 8 | | | 9 | | 5 |
| | | 3 | | 6 | | | 8 | |

Nivel 2

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | | 1 | | | | | 3 | |
| | | | 1 | | 5 | | | |
| 4 | | 2 | | 6 | | 5 | | 9 |
| | 4 | | 2 | | 6 | | 9 | |
| | | 3 | | | | 6 | | |
| | 9 | | 3 | | 7 | | 2 | |
| 9 | | 4 | | 3 | | 7 | | 2 |
| | | | 4 | | 8 | | | |
| | 2 | | | | | 8 | | 3 |

Alba Fernández Blanco 5ºA
 Julia Trabazos Sieiro 5ºA
 Mar Gómez Tomé 5ºA




A NOSA BIBLIOTECA

ESTIVEMOS DE CELEBRACIÓNS

DIA INTERNACIONAL DA BIBLIOTECA



ADIVIÑA, ADIVIÑA...?



Participaron nesta actividade a maioría das familias do centro. Das que 225 familias deron a solución correcta. Esta actividade resultou moi divertida.

Xafi



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN

ANPA San Xosé CEIP Campolongo

Avda. Xeneral Rubín, 3 36001 Pontevedra. TLF. 635651616

CIF: G36018364 sanxosecampolongo@yahoo.es



MEMORIA DO CURSO 2013- 2014 DA ANPA DO CEP CAMPOLONGO

FAMILIAS SOCIAS: 327

ALUMN@S SOCI@S: 411

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Fóra do centro:

- PISCINA: primeiro cuatrimestre 67 prazas cubertas, no segundo 53.

No propio centro, participaron 145 alumn@s nas seguintes actividades:

- TEATRO: asistiron 12 alumnos
- DEBUXO E PINTURA: asistiron 10 alumn@s.
- BALLET: asistiron 10 alumnas.
- XIMNASIA RÍTMICA: asistiron 18 alumnas.
- PATINAXE: asistiron 19 alumn@s.
- TAEKWONDO: asistiron 8 alumn@s.
- BALONCESTO: asistiron 12 alumn@s.
- TENIS: asistiron 8 alumn@s.
- FÚTBOL: asistiron 22 alumn@s.
- ATLETISMO: asistiron 10 alumn@s.
- TALLER DE COMUNICACIÓN EN INGLÉS: asistiron 6 alumn@s.

FESTAS ORGANIZADAS POLA ANPA

- FESTA DO NADAL E VISITA DE PAPA NOEL.
- FESTA DO ENTROIDO.
- XII MARCHA CICLISTA CELEBRANDO O DIA DO MEDIOAMBIENTE O 8 DE XUÑO.

COLABORACIÓN CO CEP CAMPOLONGO NAS ACTIVIDADES:

- MAGOSTO.
- EXALTACIÓN DA CAMELIA.
- FESTA DOS MAIOS.

SAÍDAS FINAL DE CURSO:

Primeiro de primaria: visita a Apípolis.

Segundo de primaria: visita ao Centro Rupestre de Campolameiro.

Terceiro de primaria: visita a granxa Serantellos en Cambados.

Cuarto de primaria: visita a casa do patrón en Doade.

Quinto de primaria: visita aos Castros de Barbanza.





C E P “ CAMPOLONGO ”

PONTEVEDRA



6º PRIMARIA 2013 - 2014





Que o galego baile
na nosa boca



Jesmero
Biografía sinxela

De familia canaria, traballou como mestre de clase na Escola de Arquitectura de Madrid e comezou a traballar en Galicia como colaborador de mozo por Santiago de Compostela e Vilga en 1952, onde converteu a igrexa de Santa María e a casa de San Roque no lugar de residencia para toda a vida.

É irmán do escritor e fillo do poeta, Manuel García, membro do Consello de Galicia, ademais, a súa familia vive en Santiago de Compostela e na zona de San Pedro de Noia.

Desde logo, desde a infancia e a súa madurez escribiu e publicou obras de ficción e ensaio, así como artigos de opinión, de crítica literaria e de opinión, así como artigos de opinión, de crítica literaria e de opinión, así como artigos de opinión, de crítica literaria e de opinión.

1913-2013

